

Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
TUI

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA PRIMEIRA
TENENCIA DE ALCALDÍA*

Con data 21 de setembro de 2022 o Sr. Alcalde ditou resolución do seguinte tenor literal:

“DECRETO DE ALCALDÍA

*DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA PRIMEIRA TENENCIA DE
ALCALDÍA*

Vista as atribucións que son conferidas á Alcaldía pola normativa vixente (art. 21 da Lei 7/85, art. 24 RD 781/86, art. 41 R.D. 2568/86, art. 61 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia).

Vista a resolución de Alcaldía de 24.06.2019 polo que se nomea como Primeiro Tenente de Alcalde ao concelleiro Rafael Estévez Martínez.

Visto o disposto no artigo 47 do R.D. 2568/86 polo que se aproba o Regulamento, Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no art. 44.1 e 2 do citado RD 2568/86, de acordo cos cales as delegacións se realizarán por Decreto da Alcaldía, con indicación das facultades que se delegan e condicións do seu exercicio.

Dada a imposibilidade do Alcalde de acudir á sesión da Xunta de Goberno Local do próximo día 23.09.2022.

Pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Delegar no Primeiro Tenente de Alcalde, Rafael Estévez Martínez, a presidencia da Xunta de Goberno Local que se celebrará o día 23.09.2022.

SEGUNDO. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da efectividade da delegación da presidencia da Xunta de Goberno Local para o día 23.09.2022.



Xoves, 29 de setembro de 2022

Núm. 187

TERCEIRO. Notifíquese a presente ao interesado a efectos da súa aceptación e comuníquese ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o Sr. Alcalde — Enrique Cabaleiro González.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:T5XB2F3F42MEBRD

